

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA DE 5 DE SETEMBRO DE 2019.

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as trece horas e trinta e sete minutos do día cinco de setembro de 2019 reúnese en sesión extraordinaria urxente, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, Don César Manuel Fernández Gil (PP), coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as que se indican:

Concelleiros/as :

D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ (PP)
D^a MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ (PP)
D^a YOLANDA GÓMEZ GÓMEZ (PP)
D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)
D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ (PSOE)
D^a. CRISTINA OTERO ALONSO (PSOE)
D. MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ (PSOE)
D^a. NOELIA RODRIGUEZ TRAVIESO (PSOE) .
D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ (RBC)
D^a PAULA RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ (RBC)
D ENRIQUE RODRÍGUEZ ALEJOS (RBC)
D^a MARÍA TERESA RODRÍGUEZ ESTEVEZ (BNG)

ASISTEN O SECRETARIO, FRANCISCO GASPAR FERNÁNDEZ CASTRO E O INTERVENTOR, DON VICENTE SOTO RODRÍGUEZ.

Alcalde.- Bos días a todos. Agradecer a asistencia a este pleno extraordinario urxente.

1 RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

Alcalde.-A urxencia ven motivada pola necesidade de poñer en marcha o servizo canto antes, o día trinta de setembro, e ao non poder celebrarse anteriormente ao non estar en vigor o orzamento.

Sometida a votación a urxencia fica aprobada por unanimidade.

2 APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE , DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE FAMILIAS MADRUGADORAS DO CONCELLO DE RIBADAVIA.

Alcalde.- Propono que o debate das dúas cuestións sexa acumulado se non hai obxeccións ao respecto.

Dase lectura as propostas de acordo:

PRIMEIRO.-Aprobar con carácter inicial o REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE FAMILIAS MADRUGADORAS DO CONCELLO DE RIBADAVIA nos termos en que figura no expediente.

SEGUNDO:-. Expor a información pública o mesmo, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello durante o prazo de trinta días hábiles, dentro dos

cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, que serán resoltas polo pleno, De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo , consideraranse aprobados definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

PRIMEIRO.-Aprobar con carácter inicial a ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE FAMILIAS MADRUGADORAS DO CONCELLO DE RIBADAVIA nos termos en que figura no expediente.

SEGUNDO:- Expor a información pública o mesmo, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello durante o prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, que serán resoltas polo pleno, De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo , consideraranse aprobados definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Dª Mariluz Expósito Pérez (PP).- O noso grupo xa no anterior mandato presentou varias mocións solicitando a implantación do servizo de familias madrugadoras, o levamos no noso programa electoral. Creemos neste servizo, en axudar aos pais no horario de traballo antes de entrar os nenos no colexio.. Ao ser un servizo novo pode haber algúns erros que se correxirán co desenvolvemento. Creemos que é un bó servizo. Traballouse en colaboración cos técnicos.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Querría solicitar algunhas aclaracións. ¿ Quen vai a prestar o servizo o propio concello ou unha empresa? ¿ Cal é a titulación, a cualificación do persoal que vai a atender aos nenos? Non está concretado o lugar do CEIP onde se prestará o servizo. ¿ Se contempla a posibilidade de trasladar nenos a outros centros? Ao non haber unha memoria económica ¿ en base a qué se xustifica o prezo? ¿ Se podería incluír neste servizo a todos os nenos que están no comedor da Xunta en réxime de gratuidade tamén en gratuidade neste servizo?

Pediría que aos nenos que falen en galego se lles fale en galego, se veñen da súa casa falando en galego non hai porque falarles en castelan.

O horario de apertura sería bó que se consensuase coa maioría , que se tratase de abrir antes.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Compartimos boa parte das preguntas e inquedanzas da portavoz do BNG. Onte mesmo rexistramos un escrito cunha serie de propostas factibles , incorporables agora ou ao longo do curso. As transmite a veciñanza. A primeira proposta de prezos para tratarse dun servizo público era extremadamente cara. Agradecer que o goberno aceptara a rebaixa proposta por RBC. Nos concordamos en que de oito a nove da maña é un horario restrictivo, non lle da tempo aos pais. É plausible abrir as sete e media, aínda que para algúns non sexa suficiente.

Non se inclúe o servizo a nenos e nenas da Galiña Azul. Se lles debe prestar este servizo a eses nenos. A xente demanda o servizo de comedor. A conciliación é máis dificultosa nos pontes dos festivos. Que o servizo se extenda ao período non lectivo. Agradecer a emenda aceptada, e solicitar que no futuro se recollan as non acollidas.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Neste punto defendemos o que sempre defendemos. Vimos dunhas xornadas sobre como reparten as outras Deputacións de Galicia os seus fondos. Estaba a anterior concellería de Servizos Sociais, dona Noelia Rodríguez Travieso que quedou abraçada.

Ten conexión porque son as outras administracións as que ten que prestar este servizo ou alomenos , non o dotar economicamente.

Benvidos algúns a un servizo que xa se prestou anteriormente, nunca é tarde. O propio concello prestaba o servizo con medios propios, poñendo incluso o local. Galescola facía que a xente demandara o servizo. O primeiro ano funcionou ben, o segundo ano non había demanda nin para iniciar o curso. Sabe o goberno se realmente hai demanda, temos a preocupación de que a demanda real non sexa da que se está falando.

Nos imos a abster porque hai cuestións das que o concello non se ten que facer cargo, a responsabilidade de trasladar aos nenos pode ser moi grave para o concello.

A nos no seu momento para implantar este servizo se nos esixiu moito , agora parece que xa non se esixe tanto. ¿ Están adaptadas as aulas para dar este servizo ¿ A lexislación é moi esixente. Pedimos un informe das arquitectas municipais sobre si as aulas están adaptadas para prestar este servizo.

Hai que ver se os currículos e a titulación do persoal da empresa que vai a prestar o servizo están adaptados á legalidade vixente.

As condicións de prestación presentan algunha eiva. A nos se nos esixiu adaptar radiadores, extintores,. Desexo que a demanda sexa tan real como lles trasladaron. Fíxose un estudo do departamento de servizos sociais cuns prezos moi similares e a demanda foi mínima.

Alcalde.- A cuestión máis complexa é o transporte. O espazo ten que estar homologado ,por iso non se presta o servizo a nenos de 0 a 3 anos. As aulas do ceip están acondicionadas para nenos de 3 a 12 anos. Vai a prestarse cun contrato de servizos, por xestión indirecta, o persoal terá que ter a titulación requirida. A ratio de monitores para nenos de 0 a 3 anos será maior.

O prezo foi estimado polo persoal de servizos sociais, igual que o número de prazas. Servizos sociais son os que informaron sobre a demanda. Nun análise comparativo con outros concellos da provincia resulta dos máis baratos. No horario vai a haber certa flexibilidade, se hai demanda de abrir as sete, se pode adoptar. O importante é poñer en marcha o servizo. Localización do servizo aula Ceip plurilingüe . En función dos nenos que se apunten se verán as necesidades de transporte.

Para os pais e nais que traballan é unha necesidade real, se valorará o feito de que os dous traballen, tamén se verán os horarios para que non o use que non o necesite. Prioridade para que todos os membros da unidade familiar estén censados en Ribadavia para mitigar o efecto do problema poboacional. En caso de discapacidade se requirirá persoal adaptado. Eses criterios tamén para a lista de agarda. Se verá a acollida e o funcionamento do servizo , e en función de iso se irá correxindo.

Dª Maria Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Sempre estivemos a favor de que se implante o servizo A demanda ogallá funcione. Nadie nos plantexou participar no Regulamento. Os nenos de 0 a 3 anos teñen unhas necesidades diferentes.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Repaso a proposta que fixemos e rexistramos. O horario e o prezo son os condicionantes de que o servizo funcione. Se o prezo público é desorbitado é o maior condicionante para que o servizo funcione. Este non é o servizo que nosotros demandábamos e que poñeríamos en marcha. A nosa proposta foi recollida no orzamento de 2016 que non se levou a cabo. Frente a Galiña Azul hai un colexio que cumpría todas as normativas, un edificio infrautilizado.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- O máis importante é a seguridade xurídica. Que os meniños vaian nas condicións esixidas. As aulas non están adaptadas para dar alimentos, só para labores educativas. Houbo problemas ao prestar este servizo, non moi lonxe de eiquí. Pido que conste en acta o que estamos advertindo. Pregunto quen vai a pagar o servizo de transporte.

Alcalde.- Está incluído no prezo.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).-¿ Vaise poñer esa cláusula do transporte no prego de condicións? Se lle está decindo por algo. As familias traballadoras que van a Vigo ou Ourense necesitarían o servizo as 6:30 da mañá.

Non hai un estudo da demanda, nos fixemos un estudo previo da demanda con servizos sociais

É inviable legalmente trasladar aos nenos dun centro a outro, o concello non se pode facer responsable. Educación ten certas competencias que non pode asumir o concello. Que se emita e se nos traslade un informe técnico das arquitectas sobre si o espazo previsto é apto para o servizo. O servizo en si mesmo nos parece ben, non as condicións en que se presta , por iso abstención.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP (5), abstención PSOE (4) , RBC (3) BNG (1) , fica aprobada.

Alcalde-Agradecendo o seu traballo levantamos a sesión.

E sendo as catorce horas e dezanove minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Sr Alcalde levanta a sesión do que como secretario extendo a presente acta.